

O PESADELO

Quen sabe o que poderán descubrir no Galeón Pirata!

Iso foi o que puxera Gael ao final da súa historia que o profesor de Lingua Galega lle mandara para a casa.

Despois dun anaco reflexionando, distraeuse cuns rapaces que xogaban fóra do seu piso, no patio.

Tras pensalo un pouco, decidiu saír tamén el a xogar co balón. Escapoulle por non aguantalo co pé. Correu detrás del e, cando se deu conta, afastárase demasiado do piso. Quen ía pensar que unha pelota podería facer iso! Mirou para todos os lados e viu que se arredara moito e xa caera a noite.

De súpeto, Gael notou unha sombra que se facía máis e máis grande, ata que chegou un momento no que a sombra se fixo tan inmensa que Gael comezou a tremer.

E Gael espertou. Só fora un pesadelo.

Unai Parcero 1º B